

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de xuño de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e media do día trece de xuño de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(608).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(609).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 250/242.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo, visto o informe de fiscalización do 11.06.14, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 10.06.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS CIA. SEGUROS Y REASEGUROS SA:, o procedemento aberto para a contratación da póliza de

responsabilidade civil e patrimonial do concello de Vigo. Expte 250/242 por un prezo total de 440.000 € e as seguintes melloras:

- Unha redución da franquía de 500 euros.
- Asume a cobertura de extensión do ámbito temporal ampliando a tres anos o período de descubrimento do sinistro establecido na cláusula 8 do PPT.
- Amplia os límites e sublímites fixados na cláusula 5.1 do prego de prescricións técnicas particulares nas seguintes contías:
 - Incrementa o sublímite por vítima na responsabilidade civil patronal en 405.000 euros.
 - Incrementa o límite xeral por sinistro en 5.000.000 euros.
 - Incrementa o límite xeral por anualidade 15.000.000 euros.
 - Incrementa o sublímite por prexuízos patrimoniais puros 650.000 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

3(610).- ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DO CORUXO F.C. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13129/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.05.14, o informe de fiscalización do 9.06.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.06.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa a favor do Coruxo F.C. por un importe de 50.000,00 €. con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.17 do orzamento en vigor , de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución, e con, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación da presente resolución no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

a) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo,

polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

b) Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no vixente orzamento do Concello de Vigo, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

c) Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

d) Que o Coruxo F.C. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13129-333.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

e) Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto

á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

f) A beneficiaria, no prazo comprendido entre a aprobación da presente resolución de subvención e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva .A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes adxuntará no expediente o informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poideran resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto

acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.

Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos admitiranse gastos xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, aloxamentos, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións, que recollan adecuadamente os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

h) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución se realizará mediante transferencia bancaria á conta da entidade tras a aprobación pola Xunta de Goberno Local desta resolución.

i) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

j) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

l) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 50.000,00€. a favor da entidade Coruxo F.C co CIF: G-36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao, s/n, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13129/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.17 do vixente orzamento. Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 1.772,85€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade Coruxo F.C. polos usos deportivos da entidade.
- 48.227,15€ serán abonados directamente a entidade Coruxo F.C co CIF: G-36708212, mediante transferencia bancaria.

4(611).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLÉS”. EXPTE. 16073/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.05.14 e os pregos de cláusulas administrativas particulares conformados por Asesoría Xurídica con data 11.06.14, o informe de fiscalización do 10.06.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Educación, do 9.06.14, conformado polo concelleiro de Educación e polo concelleiro de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 16073-332 polas razóns expostas polo técnico de Educación na memoria xustificativa de 06/05/14 e dilixencia de 06/06/14.

2º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés” por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 06/06/2014 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 06/06/2014 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés” por procedemento aberto.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 1.392.000,00 euros (696.000,00 € na anualidade de 2014 e 696.000,00 euros na anualidade de 2015) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.17 do Programa Educativo “Aulas Internacionais”.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.